



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
 Dirección Xeral de Conservación da Natureza

San Lázaro, s/n
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asunto: Informe de revisión do proxecto básico e de execución das obras de ampliación e mellora do Centro de Recollida de Animais Abandonados de O Carballiño correspondentes á Addenda ó convenio entre o Concello de O Carballiño e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Con data 29 de marzo de 2006, asinouose o convenio de colaboración entre o Concello de O Carballiño e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais abandonados de O Carballiño.

No mes de xuño de 2006, foi presentado o proxecto técnico para tal fin ante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza que incluía a ampliación dos albergues colectivos de 4 a 6 módulos, a adaptación dos canís existentes, a construción dun módulo para cachorros, dun módulo para gatos, de cerramentos para o recinto, e de instalacións de electricidade, fontanería, saneamento e a adquisición dunha cámara conxeladora para cadáveres coa súa correspondente instalación. Con data 26 de xullo de 2006, dito proxecto foi considerado viable e autorizado por esta Dirección Xeral, condicionando a súa viabilidade á realización dunha serie de modificacións para garantir o cumprimento do artigo 36º, 43º e dos artigos do 53º ó 60º do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolver a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia. Posteriormente, informouse que debido ás correccións recomendadas, así como a outras dificultades, a partida presupostaria concedida non era suficiente para a construción da totalidade de edificacións previstas. Por este motivo non foi posible executar a adaptación dos canís existentes e presentouse un modificado 2 ó proxecto no que se recollía as obras realizadas que incluía a ampliación dos albergues colectivos, a construción do módulo de cachorros e dun módulo de gatos, cerramentos do recinto, instalacións e varios, electricidade, fontanería, saneamento e frío.

Con data 5 de outubro de 2006 foi solicitada unha addenda a dito convenio para ampliar o presuposto de execución do mesmo e poder construír outras edificacións necesarias para poder adaptar o centro á normativa galega de protección animal. Estas incluían a mellora dos albergues existentes para módulos individuais de corentena e animais enfermos, así como a construción de dez albergues individuais adicionais e dúas áreas colectivas de gran capacidade. Quedando pendente para futuras fases a construción dunha cociña para a alimentación dos animais, dunha sala de curas ou consulta veterinaria, dun almacén e de vestiarios e aseos do persoal, así como dunha oficina. Con data 12 de decembro de 2006 foi asinada dita addenda, sendo presentado o proxecto técnico das obras a executar o día 18 de decembro de 2006 ante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Unha vez revisado dito proxecto, comunicolle que foi considerado viable por esta Dirección Xeral, quedando polo tanto autorizada a súa

recepcionada
 a 26/10/06
 of. de adx. de



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
 Dirección Xeral de Conservación da Natureza

San Lázaro, s/n
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

0 - AS TUBERÍAS ESTÁN A DESCOBERTO


execución sempre e cando se executen os seguintes aspectos esenciais non especificados no proxecto técnico da addenda:

- **A disposición do pavimento de todos os recintos para albergar animais deberá presentar unha lixeira inclinación ata os desaugadoiros.** Esta disposición é necesaria e imprescindible para garantir a hixiene das instalacións. No plano de alzados (nin no texto do proxecto) non se aprecia especificada esta inclinación dos refuxios nin patios para os animais.
- Nos planos presentados tampouco aparece representado os sistemas de fontanería y saneamiento, inda que si están mencionados no texto do proxecto. **Será necesaria e imprescindible a construción dun sumideiro na parte baixa dos recintos conectado á rede de saneamiento** para facilitar a recollida das augas de limpeza dos patios e refuxios.

Como recomendación non imprescindible para a consideración de viabilidade do proxecto, aconséllase:

- A colocación dun punto de luz e un enchufe (a suficiente altura para non ser acadado polos cans) en cada refuxio individual. A luz facilitará a atención e observación de animais enfermos en ausencia de luz natural e os enchufes permitirán a utilización de lámpadas de calor ou outros dispositivos eléctricos en caso de ser necesarios.
- Dous puntos de luz e dous enchufes en cada un dos refuxios colectivos das grandes áreas para a mesma finalidade que os anteriores.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2006
 O Director Xeral de Conservación da Natureza



Xosé Benito Reza Rodríguez

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O CARBALLINO
 CONCELLO DE O CARBALLIÑO
 PLAZA MAIOR, 1
 32500 O CARBALLIÑO
 OURENSE